

**MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o seis de maio de dous mil quince, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**20/311 CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTACIÓN SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 18 de marzo de 2015 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

- I. Prego de prescricións técnicas para a contratación do PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO redactado polo analista programador D.T do Servizo Municipal de Informática do 25 de xuño de 2014
- II. Certificado de existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento xeral de 2014 do 27 de xuño de 2014 (C.P 14RTSP11; R.C. 48272)
- III.- Certificado de existencia de crédito do 13 de marzo de 2015 (RCREM 20291/2015; C.P 14RTSP11)
- IV. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá na contratación de referencia elaborado polo Servizo Municipal de Contratación, Patrimonio e Fomento do 19 de marzo de 2015

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

- Real decreto 39/97, do 17 de xaneiro, sobre regulamentación dos servizos de prevención.
- Real decreto 486/97, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**Primeira.** Este contrato pode ser cualificado como un contrato mixto de subministración e servizos regulado no artigo 12 do TRLCSP e que ten por obxecto por un lado a instalación dunha infraestrutura soportada pola plataforma de virtualización existente que permita a virtualización de escritos e aplicacións xunto coa subministración as licenzas precisas, e por outro lado a realización da migración da actual plataforma do Concello de Lugo, Citrix Presentation Server a Citrix XenDesktop Enterprise 7.5 sobre a tecnoloxía virtual Xenserver, todo isto de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado pola analista programador do Departamento Municipal de Informática

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña máis importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración xa que a prestación principal consiste na subministración (artigo 12 TRLCSP)

**Segunda.** O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 131 do TRLCSP e 67.6 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP sendo predominantes os criterios avaliábeis automaticamente.

**Terceira.** En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndelle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, que preside a sesión (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da

2

Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS); e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTACIÓN SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e as especificacións técnicas mínimas que rexerán na licitación de referencia que, elaborados polos Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se citan:


A) **“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A CONTRATACION DA REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO**

#### **PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO**

Este contrato ten por obxecto dotar ao Concello de Lugo dun sistema de escritorios virtuais para os usuarios que permita dispoñer dunha infraestrutura flexible en canto a crecemento e que facilite, coas debidas garantías de seguridade e confidencialidade, o acceso remoto ao escritorio de cada usuario, mesmo dende dispositivos móbiles, todo esto de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado polo analista programador do Departamento Municipal de Informática. CNAE 2009 47.41 Comercio polo miúdo de ordenadores, equipos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados  
CPV: 30211400-5 Configuracións informáticas  
72540000-2 servizos de actualización informática  
80533100-0 servizos de información informática

#### **SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO**

Trátase dun contrato mixto de suministro e servizos regulado no artigo 12 do TRLCSP e que ten por obxecto por un lado a instalación dunha infraestrutura soportada pola plataforma de virtualización existente que permita a virtualización de escritorios e aplicacións xunto coa subministración das licenzas precisas, e por outro lado a realización da migración da actual plataforma do Concello de Lugo, Citrix Presentation Server a Citrix XenDesktop Enterprise 7.5 sobre a tecnoloxía virtual Xenserver, todo isto de acordo co prego de prescricións técnicas elaborado polo analista programador do Departamento Municipal de Informática



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

Non obstante, para a súa cualificación e aplicación das normas que o regulen atenderase ó carácter da prestación que teña mais importancia dende o punto de vista económico que neste caso é a subministración (artigo 12 TRLCSP)

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJPAC).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

### TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración deste contrato comprende os seguintes prazos:

1º.- A subministración dos equipos realizarase no prazo máximo de UN MES a contar dende a formalización do contrato.

2º.- A implantación do proxecto realizarase no prazo de TRINTA XORNADAS LABORAIS contados a partires da subministración dos equipos.

Este segundo prazo de trinta xornadas laborais poderá ser obxecto de redución por parte dos licitadores sen que poda ser inferior a quince xornadas laborais (15), se fose así, as ofertas serán rexeitadas.

Os servizos asociados á garantía do software abranguen un ano. Os servizos asociados á garantía e mantemento do hardware disporán dunha garantía de, polo menos, 3 anos.

#### **CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO**

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de **36.733 euros, ó que sumado o 21% de IVE (7.713,93 euros)** resulta un presuposto máximo de **44.446,93 euros**.

Para tódolos efectos enténdese que nos prezos ofertados están incluídos tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratadas como son os gastos xerais, financeiros, beneficio, seguros transporte e desprazamento, manutención, soldos do persoal e do coordinador, taxas e toda clase de tributos.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 49100.64100 do vixente Orzamento xeral para a cantidade de 44.446,93 euros (RCREM 20291/2015; C.P. 14 RTSP11)

#### **QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS.**

Este contrato adxudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, asimesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

**De conformidade co artigo 64 do TRLCSP esixese que os licitadores presenten o compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente o persoal coa especialización e experiencia esixida no prego de prescricións técnicas ( apartado 4)**

**O compromiso de adscripción presentarse mediante declaración conforme o modelo do ANEXO IV que se incluírá dentro do sobre A**

Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos dos artigos 212 e 223 do TRLCSP.

No caso de que fose preciso a substitución do persoal comprometido o novo traballador deberá cumprir os requisitos esixidos.

**A empresa licitadora que resulte seleccionada deberá, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP e coa cláusula décimo terceira destes pregos de cláusulas administrativas, acreditar que dispon efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución deste contrato.**

Poderán así mesmo, presentar proposicións as UNIÓNS DE EMPRESARIOS que se constituían temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

### **SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.**

6.1.-A xustificación da **solvencia económica e financeira** deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6.2 A **solvencia técnica** xustificarase mediante a presentación dunha relación das principais subministración e traballos similares a este contrato (proxectos de integración de solucións, especialmente relativos a centralización de aplicacións (Server Based Computing) e proxectos de consolidación e virtualización de sistemas (server e desktop), así coma no emprego das tecnoloxías que se propoñen no proxecto técnico presentado, realizados nos últimos tres anos por un importe igual ou superior a 45.000 euros no seu conxunto.

Os traballos acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

### **SÉTIMA. GARANTÍAS.**

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en

que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentacion ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- a) En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- c) Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

#### OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello ([www.lugo.es](http://www.lugo.es))

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

#### NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición en TRES sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, dirección, teléfono, correo electrónico e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse sobre A de DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA, sobre B de OFERTA TÉCNICA E SUXEITA A CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE e sobre C de OFERTA ECONÓMICA ESUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.

Para facilitar o rexistro das plicas presentadas polas empresas licitadores, nos ditos sobres A, B e C identificarase de modo claro a REFERENCIA DO EXPEDIENTE que coincidirá co número do acordo da Xunta de Goberno Local ou do órgano municipal que aprobe o expediente de contratación e que se indicará no anuncio de licitación e no perfil do contratante

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

**DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.**

**O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA** - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**

Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable do licitador ( modelo do ANEXO II)** outorgada ante

o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea



prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

**Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia** agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable ( conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas xunto coa certificación ISO 9001/2000/2008 relativa ó obxecto do proxecto.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional.

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

**6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:**

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepcióase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

**DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUSTITUIR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (apartados 1 a 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TODAS AS CONDICIÓNS ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO III DESTES PREGOS**

**7.- Compromiso de adscripción de medios persoais** que se compromete a adscribir á execución do contrato (conforme o modelo do **ANEXO IV** que se incluíra dentro do sobre A)

**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B e no sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.**

**O sobre B – OFERTA TÉCNICA ( RELATIVA A CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE)**

Dentro deste sobre B presentarán a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os criterios de adjudicación non avaliábeis automaticamente que se sinalan na cláusula décimo segunda ( apartado 12.2)

**O sobre ” non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios do Sobre C**

**O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adjudicación.**

**O sobre C - OFERTA ECONÓMICA E SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE** conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don ....., con domicilio en ..... e DNI nº ....., expedido o ....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de ....., con DNI ou CIF nº .....,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACION DA REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO**

b) Oferta como **prezo do contrato** ..... euros polo que sumado o IVE (21%) ..... euros , resulta un total de ....euros IVE incluído

c) Oferta un **incremento do número de terminais lixeiros** (ata un máximo 10) de ..... ( indicar número)

d) Oferta un **tempo para a instalación, configuración e probas** de ..... xornadas laborais dende a subministración dos equipos.

*\* Non se terán en conta as duracións ofertadas inferiores a quince xornadas laborais, sendo rexeitadas as ofertas en este caso. O prazo máximo para a realización destes traballos será de trinta xornadas laborais.*

e) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adjudicatario, no seu caso.

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

**Dentro deste sobre C incluírase para a súa valoración:**

- certificado ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información
- certificado ISO 20000 de xestión de servizos de TI ( tecnoloxías da información)
- certificado ISO 9001/2000/2008

**DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS**

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

PRESIDENTE: Sra Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

VOCAIS:

- O Concelleiro delegado da área de Servizos Xerais e Participación Cidadá.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- O Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- Un representante da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

**DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN**

Os criterios a empregar na valoración das ofertas que se presenten son os que seguen:

**12.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS: Ata 56 Ptos desglosados como segue:**

	Punt.Máx.
Oferta económica	25
Tempo de instalación, configuración e probas (min. 15 xornadas, máx. 30)	15
Incremento do número de terminais lixeiros (max. 10)	10
Posesión da ISO 9001/2000/2008	2
Posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información	2
Posesión da ISO 20000 de Xestión de servizos de TI	2

A valoración económica do custo total do proxecto farase de xeito proporcional aos prezos indicados nas ofertas, entre o máximo recollido no prego (0

puntos) e a oferta máis barata (25 puntos), sempre que non se poda considerar **desproporcionada ou temeraria**.

Consideraranse **temerarias ou desproporcionadas** as ofertas económicas cunha **porcentaxe de baixa que exceda en dez unidades ou máis a media aritmética das porcentaxes de baixa** de tódalas proposicións presentadas.

Para o resto dos criterios aplicaranse criterios de proporcionalidade tendo en conta os valores mínimos e máximos que se indican.

**12.2.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: Ata 44 Ptos desglosados como segue:**

	Punt. Máx.
Melloras en licenzas	12
Calidade técnica da oferta	12
Melloras referentes ás Garantías e Mantemento	6
Formación	4
Plan de proxecto, probas e despregue dos escritorios	2
Melloras relacionadas coa xestión de contornas virtualizadas	2
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello	2
Outras melloras do hardware	2
Outras certificacións relacionadas co obxecto do contrato ( apartado 4 prego prescricións técnicas)	2

Os aspectos que serán obxecto de valoración en cada un dos apartados anteriormente relacionados ( 12.2) se describen no apartado 12 ASPECTOS A VALORAR do prego de prescricións técnicas.

### DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

**De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o organo de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación sinalada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima destes pregos dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.**

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a documentación xustificativa que permita acreditar a **disposición efectiva dos**

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

**medios persoais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato** e, particular deberá achegar:

**1º.-** Escrito asinado polo licitador seleccionado de disposición efectiva dun ou varios traballadores coa especialización e experiencia esixida no prego de prescripcóns técnicas ( apartado 4) conforme o seguinte modelo:

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de

....., coa finalidade de ser adxudicatario do contrato **PARA A REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO**

**dispoño efectivamente para a execución do contrato do/s traballador/es que a continuación se indican:**

RELACION DE TRABALLADORES
1º TRABALLADOR: NOME E APELIDOS

**2º.-** Compromiso de disponibilidad para a execución do contrato asinado polo/s traballador/es relacionados no documento anterior.

**3º.-** Documentación que permita xustificar a experiencia destes traballadores, en particular, e conforme o apartado 4 do prego de prescripcóns técnicas , esta documentación consistirá nas *correspondentes certificacións da/s empresa/s ou cliente/s aos que se lles prestaron os servizos consistentes en proxectos de centralización de aplicacións e proxectos de consolidación e virtualización de sistemas.*

De non cumpríntase axeitadamente o requerimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

**DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da

CSV: ixSpBHGmGXnOkms/LnGLmg==

SINATURAS

JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO

MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA

PAXINA: 14 / 36

DATAS(UTC)

13/05/2015 12:19:00

13/05/2015 12:18:59

adjudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adjudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

#### **DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO. CONDICION ESENCIAL DE EXECUCIÓN DO CONTRATO**

1. Os traballos executaranse con estricte suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste dera ó contratista o responsable do contrato ( Analista programador DT), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións foran de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

**O responsable municipal do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se produzan situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores atendendo, no seu caso, as instrucións que se aproben polo Concello de Lugo**

En concreto velará porque:

- O contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización do servizo
- O contratista a través dos seus delegados se responsabilice de impartir ós traballadores adscritos a este contrato as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de modo que o Concello de Lugo sexa alleo a estas relacións laborais
- O contratista canalice a través dos seus delegados as posibles incidencias de cara a prestar adecuadamente o servizo.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras proponendo se é o caso o oportuno expediente sancionados ou de resolución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

TRLCSPP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSPP

A los efectos del artículo 223.h) del TRLCSPP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución deste contrato poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSPP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumprimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prezo así como á resolución do contrato de conformidade co artículo 223.h) del TRLCSPP.

5.- A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo sobre o seu persoal encargado da execución do contrato o poder de dirección inherente a todo empresario e disporá dunha estrutura xerarquizada que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios e directrices de realización de traballo.

A empresa contratista **designará un delegado** que se encargará da dirección e organización da actividade dos traballadores da empresa adscritos á execución deste contrato así como do control da vixianza do horario e xornada de traballo deles correspondéndolle á empresa a concesión de licenzas, vacacións, permisos e substitucións do persoal así como calquera outra manifestación das facultades do empregador sendo o Concello de Lugo de todo alleo a estas relacións laborais. En todo caso o servizo quedará sempre convenientemente cuberto.

Corresponde exclusivamente a este delegado relacionarse co responsable municipal do contrato a efectos de coordinación e seguemento do contrato. A través deste delegado canalizaranse as posibles incidencias que se detecten por parte do responsable municipal.

A empresa contratista velará porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse das funcións delimitadas nos pregos e porque non se produzan situacións tendentes a producir unha cesión ilegal de traballadores. Neste senso darán cumprimento estricto ás instrucións e ordes dadas polos responsables municipais para evitar esta situación dando lugar á comisión de infracción grave a súa desobediencia .

É responsabilidade da empresa facilitar aos seus traballadores tódolos medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo

**DÉCIMO SEXTA- EXECUCIÓN DO CONTRATO. RECEPCIÓN DA SUBMINISTRACIÓN. PRAZO DE GARANTÍA**



O adxudicatario deberá instalar, configurar e realizar a totalidade das prestacións obxecto do contrato dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira ou no ofertado. A tal efecto deberá notificar por escrito ó responsable do servizo cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora para efectuar a acta de entrega dos traballos

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de entrega. Se o responsable non estivese conforme cos traballos realizados farase constar así na acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados.

**Establecese un prazo mínimo de garantía de software de un ano contado a partir da acta de entrega e remate da instalación e de garantía de hardware de tres anos ( cláusula sétima do prego de prescricións técnicas)**

**Durante este prazo o adxudicatario asumirá as obrigas establecidas no apartado 7 do prego de prescricións técnicas.**

**Non procederá a devolución da garantía ata a terminación total do contrato e o remate do prazo de garantía establecido ou do ofertado, se é o caso.**

#### DÉCIMO SÉTIMA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (300 euros máximo), serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ó pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

#### DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

18.1.- O contratista está obrigado a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

### Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

18.2.- Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertara un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levalos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

### **DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS**

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estrictamente ó presente prego, ó de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no

TRLCSF en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

#### **VIXÉSIMA. PAGAMENTO.**

O pagamento efectuarase contra factura unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformada polo responsable do contrato, o concelleiro delegado da área de servizos xerais e maila Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación.

O pagamento da factura realizarase unha vez realizados os traballos de subministración, implantación e posta en marcha do proxecto.

Da correcta execución do resto de prestacións e as que corresponden ó período de garantía ou do ofertado responderá a garantía definitiva.

Se as facturas son de importe igual ou inferior a 5.000 euros poderá presentarse en formato papel ante un rexistro administrativo dos sinalados na Lei 30/1992 no prazo máximo de trinta días dende a realización do servizo e dirixidos ó excmo. Concello de Lugo.

Se a factura é de importe superior a 5.000 euros estas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACe: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo

Organo Xestor: LA0005487 – Servizos Xerais e Participación Cidadá.

Unidade Tramitadora: LA0005557– Informática

#### **VIXÉSIMO PRIMEIRA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.**

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas así como polo incumprimento das condicións da súa oferta.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Ós efectos do artigo 223.f), consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato as obrigas e condicións esenciais sinaladas na cláusula **décimo quinta e décimo oitava** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrucción ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

### VIXESIMO SEGUNDA .- PENALIDADES

O contratista estará obrigado a cumprir o contrato conforme ás condicións establecidas no prego de prescricións técnicas así como ás condicións da súa oferta.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades cuio importe será do 1% do importe de adxudicación do contrato IVE incluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuio caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse das facturas correspondentes.

### VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 310.2 da LCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no artigo 310, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

## ANEXO I

20

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º ....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores ..... ( indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1. ....
2. ....
3. ....

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data ....., mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro


2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En ....., a ..... de ..... de 2012

Asdo:

**ANEXO II  
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de ....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO** declaro baixo a miña responsabilidade:



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....

(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO III**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO**

**\* Esta declaración dentro do sobre A substitúa a presentación da documentación administrativa sinalada nos apartados 1 a 6 da cláusula décima dos pregos de cláusulas administrativas particulares**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., co obxecto de participar na **CONTRACION DA REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA**

**VIRTUAL XENSERVENO NO CONCELLO DE LUGO declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asistente desta declaración así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo as obras de referencia, en particular os requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

Que o asistente desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....


(Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO IV**

**COMPROMISO DE ADSCRIPCION DE MEDIOS PERSOAIS**

D./D.<sup>a</sup> .....co D.N.I. n.º: ....., en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de

....., co obxecto de participar na **CONTRATACION DA REALIZACION DUN PROXECTO DE MIGRACION DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP**



**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

**ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO comprométome a adscribir á execución do contrato o persoal abondo coa especialización e experiencia esixida no apartado cuatro do prego de prescricións técnicas.**

En ..... a ..... de ..... de 2015

Asdo:”

**B) “PREGO DE PRESCRICIÓN S TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE MIGRACIÓN DA ACTUAL PLATAFORMA CITRIX PRESENTATION SERVER A CITRIX XENAPP 6.5 E XENDESKTOP ENTERPRISE 7.5 SOBRE TECNOLOXÍA VIRTUAL XENSERVER NO CONCELLO DE LUGO**

**1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

Co gallo de minimizar o custo económico e esforzo de administración dos postos de traballo do Concello de Lugo, durante os derradeiros anos véñense avaliando diferentes opcións tecnolóxicas para coñecer as posibilidades de adaptación e as diferentes vantaxes que achega cada unha delas.

No seu momento, a solución implantada, consistente no arrendamento de equipos de usuario, permitiu unha mellora notable na dispoñibilidade dos mesmos. Durante ese período xurdiron novos requisitos asociados aos postos de traballo, como pode ser a posibilidade de acceso remoto e dende dispositivos móbiles ou o aforro enerxético, problemas para os que existen no mercado solucións tecnolóxicas probadas abondo e que achegan, ademais, vantaxes noutros ámbitos, coma poden ser as melloras na xestión de aplicacións e equipos, a posibilidade de dotar de escritorios ás sedes remotas, ou a mellora da seguridade e dispoñibilidade da información municipal.

Por outra parte, o Concello de Lugo dispón dunha plataforma de virtualización de servidores, XenServer, que permite a creación e xestión de máquinas virtuais de xeito que se independiza o concepto de servidor das máquinas físicas, permitindo deste xeito un uso óptimo dos recursos de hardware do Concello. Co emprego de XenServer redúcese o número de servidores físicos no CPD, empregando moito mellor os recursos de hardware existentes, permitindo así mesmo, mediante a migración “en vivo” das máquinas virtuais (VM), a alta dispoñibilidade e o control dinámico de memoria. Tamén axuda aos administradores dos sistemas a maximizar o rendemento das aplicacións e aumentar a eficiencia.

Pola súa banda, Citrix XenApp é un sistema que administra as aplicacións no Datacenter e as entrega, como servizo “on-demand” a usuarios en calquera lugar e con calquera dispositivo. XenApp reduce o custo de administración de aplicacións e mellora a seguridade dos datos e das propias aplicacións. Este software proporciona unha administración centralizada dos recursos e permite que se entregue unha instancia única de cada aplicación aos usuarios para o seu uso en liña **ou fóra dela**.



Algúns elementos clave e capacidades destacadas desta arquitectura, implantada no Concello de Lugo son:

- Grande incremento da escalabilidade
- Integración transparente con Microsoft App-V, o que permite aos clientes xestionar aplicacións de xeito centralizado, empregando a combinación de solucións locais e en host que mellor se adapte ás necesidades específicas do cliente. Inclúe pleno soporte de Microsoft Windows Server 2008 R2, engadindo moitas melloras de plataforma, como a provisión simplificada, unha automatización sinxela e un consumo de enerxía máis eficiente.
- Aplicacións en auto-servizo. Achega aos usuarios un nivel de flexibilidade e mobilidade alto, permitíndolles elixir as aplicacións que necesitan mediante a fórmula baixo demanda, eliminando así o soporte manual por parte do departamento técnico. As aplicacións dispoñibles a través deste “escaparate” poden incluír tamén as distribuídas por XenApp ou Microsoft App-V, así como aplicacións web ou as que soporte o departamento de Informática en modo SaaS.
- Soporte para o acceso ás aplicacións Windows dende PCs, Thin Clients, portátiles, Mac e Smart Phone (iPhone, Android e Win Mobile)
- Tecnoloxía HDX de Alta Definición mellorada. Presenta innovacións en tecnoloxía HDX que permiten distribuír en tempo real aplicacións multimedia (como a voz e o audio en calidade CD). Amplía o soporte para unha ampla gama de dispositivos USB, (webcams, micrófonos, escáneres e cámaras dixitais)
- Permite executar aplicacións dende calquera lugar que dispoña de conexión á rede/internet, incluso mediante 3G ou GPRS.
- Flexibilidade e axilidade en despregue de aplicacións: despregue centralizado, evita despregues ó posto final, permite actualizacións de software centralizadas.

## 2. OBXECTO DO CONCURSO

O principal obxectivo do presente concurso é dotar ao Concello de Lugo dun sistema de escritorios virtuais para os usuarios que permita dispoñer dunha infraestrutura flexible en canto a crecemento e que facilite, coas debidas garantías de seguridade e confidencialidade, o acceso remoto ao escritorio de cada usuario, e mesmo dende dispositivos móbiles.

Neste prego establécense os requisitos técnicos aos que deberán axustarse as ofertas das empresas interesadas en concorrer á presente licitación.

## 3. REQUISITOS TÉCNICOS

Todos os requisitos que se inclúen neste prego de condicións técnicas son “mínimos”, é dicir, refírense a funcionalidades ou valores mínimos esixidos que poden ser mellorados nas ofertas e, de seren considerados polos técnicos coma vantaxes para o Concello con respecto ás especificacións definidas no prego, poderán considerarse “melloras”.

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

### 3.1. REQUISITOS XERAIS

A mercantil adxudicataria deberá implantar unha infraestrutura, soportada pola plataforma de virtualización existente no Concello de Lugo, que permita a virtualización de escritorios e aplicacións, segundo un esquema de escritorios virtuais compartidos (Hosted Shared Desktop) ou de escritorios virtuais dedicados (VDI). O adxudicatario proporcionará os elementos precisos para a provisión de escritorios baixo ambas as modalidades (HSD ou VDI), co obxecto de dispoñer de alternativas no caso de que con algunha delas non se puidese executar algunha aplicación, ou xurda a necesidade de especializar algún escritorio.

A solución garantirá a conexión segura por LAN e WAN aos escritorios.

O licitador comprometerase á subministración de todas as licenzas precisas para o funcionamento da solución achegada, cumprindo as políticas de licenzamento dos fabricantes do equipamento físico e lóxico.

A infraestrutura a implantar permitirá a asignación a cada usuario dun escritorio onde estarán as aplicacións que precise para o desenvolvemento do seu traballo. A solución proporcionará un método para a actualización de aplicacións, parcheados e para a presentación de aplicacións a usuarios, o que permitirá melloras tanto na xestión do parque informático do Concello como na administración dos escritorios.

Os licitadores deberán propoñer a arquitectura máis axeitada, respectando os requisitos mínimos indicados neste prego. Os licitadores poderán propor a reutilización ou recolocación dos servizos existentes (cambios de máquinas, consolidación de servizos virtuais, aumento ou diminución de servizos) coa fin de mellorar a solución global. En calquera caso garantirase que o impacto sobre a dispoñibilidade dos sistemas actuais será mínimo.

Deberase realizar a migración da actual plataforma do Concello de Lugo, Citrix Presentation Server, a Citrix XenDesktop Enterprise 7.5 sobre a tecnoloxía virtual Xenserver, da que se dispón na actualidade no Concello de Lugo.

Con ambos produtos xuntos, XenApp e XenDesktop, deberase poder entregar aplicacións e/ou escritorios (desktops) aos usuarios, segundo se vaian necesitando, dun xeito rápido, sinxelo e seguro.

Entre os servizos obxecto da contratación destacan:

- Implantación dunha nova granxa XenApp e XenDesktop sobre servidores virtuais, e a creación de plantillas no entorno Xenserver que se atopa instalado no Concello de Lugo.
- Aplicación de optimizacións e as recomendacións específicas de Citrix XenApp e Xendesktop sobre XenServer segundo as recomendacións de fabricantes.
- Despregamento de "desktops" compartidos aos usuarios.
- Actualización de Citrix Web Interface.
- Mantemento por período dun ano de todo o software e dos servizos desenvolvidos.
- Mantemento por período de tres anos do hardware que se instale.
- Formación da solución implantada.
- Documentación completa da solución implantada.

Co gallo de atopar unha solución óptima, haberase de realizar unha “proba de concepto” (PoC) de Citrix XenDesktop 7.5 que permita comprobar o funcionamento das aplicacións instaladas nos servidores do Concello de Lugo que determine o Servizo de Informática. Dita proba consistirá na implementación parcial da solución co gallo de verificar que é realmente susceptible de ser explotada dun xeito útil, para posteriormente realizar a fase piloto co obxecto de verificar todos e cada un dos compoñentes da plataforma XenApp, previo ó seu despregamento definitivo.

O licitador deberá encargarse da subministración, instalación e configuración de **50** terminais lixeiros (“zero client”), así como da migración á nova arquitectura dos postos de traballo afectados polo presente contrato, e que serán identificados polo Servizo de Informática municipal. Os equipos instalaranse seguindo as directrices que indique o Servizo de Informática, debendo quedar completamente integrados na rede de datos municipal, así como etiquetados e identificados na ferramenta de inventario que emprega o Servizo de Informática do Concello, e no seu sistema de xestión de incidencias.

Na nova instalación debe garantirse o funcionamento dos periféricos USB e de rede (máquinas multifunción, impresoras de rede, impresoras e escáneres USB), e periféricos serie ou paralelo. Os licitadores aportarán a solución, que consideren máis completa para garantir o funcionamento dos mesmos.

A solución permitirá a xestión centralizada e remota dos postos de traballo.

Tamén deberá proceder á migración e posta en marcha sobre a nova arquitectura de todas aquelas aplicacións corporativas empregadas no Concello e que defina o Servizo de Informática municipal.

De seguido apórtase unha relación das principais aplicacións informáticas susceptibles de seren publicadas na nova implantación, estando xa publicadas ou non na actualidade en Citrix Presentation Server 4.0:

- ERP TAO: Xestión Municipal de T-Systems (Xestión Tributaria, Contabilidade, Padrón, Multas, Cemiterio, diversos conectores (Conecta, DGT), módulo de Xestorías, Carpeta Cidadá, etc)
- OpenOffice
- LibreOffice
- MS Office
- Aplicacións en VBA
- Aplicacións Informix 4GL
- Aplicacións en BBDD Access
- Aplicacións en BBDD OpenOffice
- Adobe Acrobat
- Adobe Photoshop
- SIUSS da Xunta de Galicia, para xestión de servizos sociais.
- Xestión da Policía Local Eurocop.
- Xestión de Nómina Ginpix 7 de SAVIA
- Nómina de Meta4
- Sistema de control de presenza Ábaco
- Sistema de xestión de cálculos e medicións Menfis

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

- Programa de presupostos de Urbanismo Presto
- Programa Medicións cartográficas Goolinvent
- Sistema catastral de medicións cartográficas
- Autocad LT
- Sistema Antivirus – Kaspersky
- Sistema de Xestión de Polideportivos
- Xestión de Bibliotecas Libermarc

Por outra banda, o Concello de Lugo dispón xa das licencias de software que se relacionan de seguido, e que deberán terse en conta no momento de ofertar unha solución:

Citrix XenServer Advanced Edition (con Subscription Advantage - x1 Server License): 4 Licenzas

Citrix Presentation Server Enterprise: 45 licenzas

Citrix Metaframe XPe para Windows: 80 licenzas

### 3.2. TERMINAIS LIXEIROS

Os terminais lixeiros que se provean deberán dispoñer das seguintes características mínimas:

- No posible, os clientes lixeiros aproveitarán os monitores, teclados e ratos de que dispoñen os equipos que substitúan. No caso de non seren compatibles, as características destes periféricos serán: Monitor de 22”, formato 16x9, resolución máxima 1680x1050, tempo de resposta <10 ms, separación píxeles < 0,4 mm, e relación de contraste mínima de 1000:1. Teclado con lector de tarxetas criptográficas integrado, que soportará formatos da FNMT, Bit4ide e DNle. Rato óptico.
- No seu caso, poderá ir montado no soporte VESA do monitor existente.
- Terá arquitectura “zero client”
- Presentará un consumo en funcionamento inferior a 5W, e inferior a 2W en espera.
- Disporá como mínimo dun procesador de 600 Mhz.
- Memoria mínima do terminal de 256 MB
- Disporá de Ethernet 10/100/1000 con conector RJ45, TCP/IP, DNS dinámico e DHCP.
- terminal permitirá vídeo a pantalla completa en HD
- Permitirá a reprodución de vídeo HD 720 p
- Permitirá a reprodución de vídeo flash HD 720 p
- Disporá de 4 portos USB 2.0
- Disporá de “display port”
- Disporá de entrada e saída de audio
- Os sistemas ofertados deberán ser conformes coa normativa vixente da Unión Europea e española no referente a calidade, ergonomía, medioambiente, aforro enerxético, compatibilidade electromagnética, redución de radiación emitida e seguridade.

### 3.3. SOFTWARE

28

Características do software para a xestión do VDI a implantar

- Administración centralizada.
- Soporte Multi-Hipervisor para toda a plataforma VDI (Xenserver).
- Soporte para escritorios virtuais VDI e sesións de terminal de forma indistinta, con posibilidade de presentar aplicacións individuais ou escritorios completos
- Entrega de aplicacións virtualizadas aos desktops físicos ou virtuais mediante visualización ou streaming
- Alta escalabilidade e dispoñibilidade en toda a plataforma
- A plataforma debe cubrir un amplo espectro de usuarios: postos VDI, escritorios compartidos, aplicacións compartidas, etc.
- Protocolo de comunicacións cos clientes que permita un mínimo uso de recursos (ancho de banda) e presentación de contido multimedia en alta definición
- Integración para o acceso de usuarios dende o exterior de modo seguro.
- Non existirán limitacións de ancho de banda nos accesos exteriores por SSL.
- Posibilidade de habilitar filtros e políticas de acceso segundo o usuario ou o dispositivo
- Bo rendemento multimedia. Posibilidade de vídeo-conferencia en tempo real con consumo reducido de ancho de banda, audio e vídeo bidireccional
- Capacidade de uso simple e transparente de periféricos: usb, múltiples monitores, reprodutores MP3, cámaras e lectores tarxetas intelixentes (FNMT e Camerfirma)
- Posibilidade de que os usuarios traballen en modo offline (sen conexión) tanto para desktops como para aplicacións publicadas
- Xestión centralizada de aplicacións empaquetadas e distribución de paquetes
- A plataforma debe soportar a posibilidade de asignar múltiples monitores a un escritorio virtual con axuste automático da resolución en función do monitor utilizado.
- Soporte para unha ampla variedade de dispositivos (portátiles, thin clients, tablets e smartpone) e sistemas operativos de cliente, incluíndo Microsoft Windows, Linux, Apple MacOS, Google Android, Apple iOS e Windows Mobile
- Balanceo de carga nos servidores en función dos usuarios.
- Posibilidade de redireccionar contidos multimedia (Adobe Flash) ao dispositivo cliente para mellorar o rendemento
- Ferramenta integrada para a xestión do perfil coa fin de manter a configuración e datos do usuario
- Traslado automático de sesións entre distintos dispositivos e distintas localizacións de forma transparente para os usuarios
- Despregamento e xestión centralizada de imaxes do sistema operativo tanto de escritorios como dos servidores da infraestrutura VDI

### 3.4. FASES DO PROXECTO

#### 3.4.1. PROBA DE CONCEPTO DA PLATAFORMA XENAPP



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

Desenvolverase unha fase previa ó despregue da implantación completa, fase "PoC" que se planifica para un volume reducido de usuarios co obxecto de verificar o funcionamento de aplicacións, periféricos e impresión.

Previo á implantación deberase realizar a toma inicial de requisitos, a planificación detallada da fase, a colleita de información, a revisión da plataforma de virtualización e a proposta de roles de acceso e nivel de permisos. Unha vez feito isto, procederase á implantación da PoC, coa instalación da plataforma que implica o despregamento de WI, o despregamento dos servidores coas aplicacións requiridas polo Servizo de Informática municipal e a posta en marcha das políticas de citrix para impresión (ou scripts) en base ás probas que se definan. Deberase redactar un documento de conclusións PoC. Nesta fase tamén entregaranse as licenzas software, que quedarán instaladas e en funcionamento xunto coas aplicacións referidas.

### 3.4.2. IMPLANTACIÓN DO PROXECTO PILOTO

Unha vez revisada a plataforma na fase anterior, e verificada a susceptibilidade de seres explotada dun xeito útil, procederase ao seu despregamento nun entorno piloto de produción. Modificaranse os parámetros para crear unha nova granxa XenApp para acceso a aplicacións virtuais sobre plataforma virtual. Isto implicará un deseño previo da fase e o despregue de nodos adicionais. Deberanse instalar XenApp adicionais para o piloto e se probaran as ferramentas de administración.

Asemade, deberase configurar a plataforma de XenApp esta fase e analizaranse os resultados que permitan facer unha planificación do despregue a un manual de migración dos postos de traballo de PCs a Thin-Clients para cada oficina.

### 3.4.3. DESPREGAMENTO FINAL

Procederase a despregar a contorna definitiva despregando os nodos adicionais que se requiran, así coma as WI e XenApp que se necesiten.

Ó remate desta fase deberase documentar os aspectos referidos á arquitectura e configuración da contorna despregada, os procedementos básicos de administración e mantemento do entorno, o repositorio de ficheiros, scripts, ... empregados durante a implantación, as incidencias e problemas destacables detectados durante a implantación, así coma a súa resolución. Deberase aportar tamén a documentación oficial dos fabricantes.

Toda a documentación que se xere durante o proxecto deberá facillitarse en formato dixital.

### 3.5. ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Á hora de realizar a implantación deberán terse en conta unha serie de requisitos de comunicacións, propios deste tipo de contornas de XenDesktop/XenApp, que poden afectar grandemente ó resultado final do proxecto que, aínda que non dependen directamente dos produtos software e hardware que se provén, si é imprescindible coñecer e que se poden identificar como:

- Ancho de Banda: Un usuario estándar pode consumir en torno aos 15 Kbps, pero se lanza unha impresión, descarga arquivos ao seu PC, ou abre unha nova aplicación e que requira enviar actualizacións de pantalla completas, pode chegar a picos de 80-90 Kbps. Polo tanto, é razoable establecer un consumo medio de 40-50 Kbps por usuario.
- Latencia (tempo en ms que os datos tardan en cruzar unha rede entre dous equipos): As latencias de liñas polas que circule tráfico ICA non deberían superar os 300 ms (segundo recomendacións do fabricante). No caso de superar eses valores haberá que empregar as ferramentas de que dispón Citrix para minimizar os seus efectos.
- Perda de Paquetes: Debe minimizarse o efecto de perdas de paquetes (procurando que sexa un valor inferior ao 10%), xa que se existen moitas perdas de paquetes, poderían ocasionarse problemas de latencias debido ás retransmisións e desconexión de sesións.
- Fluctuación (Jitter ou variabilidade temporal durante o envío de sinais dixitais): Deben evitarse fluctuacións bruscas no ancho de banda dispoñible. No caso de que se produzan, empregaranse as ferramentas que proporciona Citrix para minimizar este problema (SpeedScreen).
- Tamaño da MTU (unidade de datos máis grande que pode enviarse usando un protocolo): Menos importante nunha rede Ethernet (xeralmente con tamaños de 1,5K), pero que ten que se revisar en comunicacións móbiles.

#### 4. PERSOAL ASIGNADO Ó PROXECTO

Nos equipos de traballo que se ocupen do deseño, implantación e soporte, contarase con persoal abondo que dispoña de certificacións oficiais nos produtos que se pretendan instalar e que deberá ter participado na instalación e posta en marcha de solucións equivalentes noutros proxectos.

Máis en concreto, o persoal que a empresa adjudicataria asigne ó presente proxecto, deberá estar especializado en proxectos de centralización de aplicacións (Server Based Computing) e proxectos de consolidación e virtualización de sistemas (server e desktop), así coma no emprego das tecnoloxías que se propoñen no proxecto, co gallo de asegurar a posta en marcha das infraestruturas que melloren a xestión dos sistemas informáticos e facilite o acceso ás aplicacións por parte dos usuarios dos sistemas de información. Para elo a empresa adjudicataria deberá xustificar no momento oportuno esta experiencia mediante certificación da/s empresa/s ou cliente/s aos que se lle prestaron os mencionados servizos por parte do persoal concreto asignado a este contrato.

Así mesmo, a compañía adjudicataria poderá acreditar as certificacións que consideren oportunas na oferta técnica, relativas ó obxecto deste concurso, e que poderán ser valoradas, segundo o criterio dos técnicos municipais, coma poden ser:

- Partner de Citrix (p.ex. Gold Solution Advisor)
- XenDesktop ELITE CERTIFIED
- Certificacións en Virtualización de Microsoft (p.ex. Gold Partner)
- Certificacións individuais na área de Citrix (CCIA, CCEA, CCA)

## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

- Pertenza á Alianza de Virtualización de Citrix con Microsoft

- ...

### 5. FORMACIÓN

O licitador deberá impartir a formación correspondente ao persoal do servizo de informática do Concello en todas as solucións lóxicas e físicas que compoñen o proxecto. Esta formación permitirá que o persoal do Concello sexa autónomo para determinadas tarefas como adición de novos nodos, configuración de máquinas, elaboración e restauración de copias de seguridade dos sistemas implantados, etc.

Esta formación terá unha duración mínima de **10** horas, decidindo o Concello de Lugo a súa distribución, sempre dentro do período de execución do contrato.

### 6. DOCUMENTACIÓN

O adxudicatario procederá á subministración de toda a documentación de fabricante e da xerada no proxecto, en particular aquela que sexa precisa para garantir a continuidade, operatividade e dispoñibilidade da solución.

A documentación deberá aportarse en soporte dixital.

### 7. GARANTÍAS E MANTEMENTO

O software que se implante deberá dispoñer dun período de **garantía dun ano**, así coma todas as solucións lóxicas fornecidas e os servizos que se teñan incluído no proxecto. A garantía do software o dos servizos incluírá a actualización do software (parches e novas versións) e o soporte técnico durante todo o período de vixencia da mesma.

Pola súa banda, o hardware que se ten que fornecer deberá dispoñer dunha **garantía do fabricante por un período mínimo de tres anos**.

O adxudicatario deste contrato deberá, durante este período de garantía, asegurar as seguintes condicións:

- Prestar os servizos de mantemento e reparación do hardware, segundo as prescricións do fabricante, con persoal certificado e de acordo aos niveis de servizo que se oferten
- Poñer a disposición do Concello a infraestrutura tecnolóxica precisa para a prestación do servizo
- Cumprir cos tempos de resposta e tempos de resolución de incidencias que se oferten
- Elaborar un informe sobre o estado das incidencias, tempos de resposta e de resolución e grao de cumprimento dos posibles acordos de nivel de servizo, sempre que sexa solicitado polo Servizo de Informática do Concello.
- Contar cun sistema en tecnoloxía web, gratuíto para o Concello, que permita a comunicación e seguimento de incidencias, así coma cun servizo de atención telefónica
- No caso de que parte do equipamento presente fallos repetidos, o licitador comprometerase á súa substitución por outro material ou equipo con características equivalentes ou superiores



## 8. DURACIÓN DO CONTRATO

O esforzo requirido para a implantación do proxecto estímase **en trinta xornadas laborais**, debéndose contar estas a partires da subministración dos equipos. Na avaliación da duración deste período non se terán en conta os prazos inferiores a **15 xornadas** (xornadas laborais).

A subministración dos equipos terá que realizarse no prazo máximo **dun mes** a contar dende a sinatura do contrato.

Os servizos que podan estar asociados á garantía do software abranguen un ano.

Os servizos asociados á garantía e mantemento do hardware abranguen os 3 anos da garantía.

Todos os traballos asociados ó proxecto, incluídos os de implantación, poderanse realizar vía web, sempre que sexa posible, debendo levarse a cabo nas oficinas do Concello de Lugo as tarefas que requiran a presenza física dos técnicos da empresa licitadora. Enténdese que a formación deberá ser presencial.

## 9. PRESENTACIÓN TÉCNICA DAS OFERTAS

Cada licitador poderá ofertar **UNHA ÚNICA OPCIÓN**.

As ofertas incluírán toda a información sobre o subministro e servizos que sexa necesaria para a valoración das mesmas, segundo os criterios de avaliación especificados neste prego.

Ademais dos documentos requiridos explicitamente nos pregos deste concurso, coa oferta presentaranse todos os que o ofertante considere oportunos para a perfecta definición do subministro e dos servizos entendendo, en caso de non indicarse un determinado aspecto, que cumpren cos requisitos mínimos establecidos no Prego e cos estándares de mercado.

As ofertas diferenciarán claramente, e dun xeito inequívoco, as características mínimas de equipamento e servizos esixidas, e as que realmente se aportan como melloras, co gallo de facilitar o traballo de avaliación.

As ofertas deberanse presentar en soporte papel e en formato dixital (pdf, MS Word, OpenOffice writer, etc).

## 10. SOLVENCIA TÉCNICA

En xeral, a solvencia técnica para todas as tarefas asociadas a este proxecto, poderá demostrarse polos diferentes procedementos previstos na lei.

Así mesmo, para a acreditación da solvencia técnica, as empresas licitadoras deberán xustificar a experiencia en proxectos similares, reputándose solvente o licitador que demostre ter realizado un proxecto de similares características, e importe igual ou superior ó tope de licitación do presente prego, que tiveran lugar nos derradeiros 3 anos.

A forma de acreditar esta circunstancia será por medio de copia de contratos, informes de empresas contratantes, certificacións, etc... que en todo caso permitan comprobar o seu cumprimento.

## 11. PROTECCIÓN DE DATOS



## ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

Na prestación de tódolos servizos obxecto do presente concurso, e en especial no que se refire ó tratamento dos datos persoais que poda haber entre os datos facilitados pola Administración contratante, en calquera das fases de execución dos servizos contratados, o adxudicatario comprométese a cumprir estritamente o que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, pola que se regula a protección de datos de carácter persoal.

O adxudicatario comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativas, que garantan a seguridade dos datos que lle sexan facilitados ou aos que teña acceso, coa fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado, visto o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos a que estes se atopan expostos, xa proveñan da acción humana, xa do medio físico ou natural.

O adxudicatario comprométese a cumprir o establecido no documento de seguridade do Concello de Lugo.

O licitador comprométese a gardar sixilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación contractual co Concello de Lugo.

## 12. ASPECTOS A VALORAR

Apúntanse os seguintes aspectos a valorar para a selección da oferta economicamente máis ventaxosa:

- Melloras á oferta económica
- Menor tempo de instalación, configuración e probas (min. 15 xornadas, máx. 30)
- Posesión de certificacións de calidade e seguridade: ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información e ISO 20000 de Xestión de servizos de TI
- Incremento do número de clientes lixeiros
- Melloras nas licenzas
- Outras melloras do hardware
- Calidade técnica da oferta, na que poderá valorarse a adaptación da solución ofertada ás necesidades do Concello para o que, independentemente de que xa existan unha proba PoC, unha proba piloto e un despregue final dentro do proxecto, o Concello resérvase o dereito de esixir, cara á avaliación da solución ofertada e previa á resolución do concurso, unha proba consistente na conexión vía LAN dun terminal lixeiro á LAN municipal, e sobre esta contorna facer probas de despregamento e funcionamento do software que indique o Servizo de Informática do Concello. No caso de detectarse malfuncionamento dalgunha aplicación poderase desestimar a oferta
- Plan de proxecto, probas e despregue dos escritorios
- Melloras relacionadas coa xestión de contornas virtualizadas, onde poderán avaliarse aquelas funcionalidades do SW que faciliten a xestión e operación das contornas virtualizadas.
- Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello, coma pode ser a posta en produción fóra do horario laboral, ...
- Perfil do equipo de traballo, podéndose valorar o equipo de traballo que teña relación directa coa execución dos traballos, na medida en que a súa adscrición ó proxecto supoña unha mellora e aporte calidade ó mesmo.

34



CSV: ixSpBHGMGXnOkms/LnGLmg==

SINATURAS

JOSÉ CLEMENTE LOPEZ OROZCO - ALCALDE - CONCELLO DE LUGO  
MARÍA CARMEN BASADRE VÁZQUEZ - TENENTE DE ALCALDE - AREA  
DE CULTURA, TURISMO, XUVENTUDE E PROMOCIÓN DA LINGUA

PAXINA: 34 / 36

DATAS(UTC)

13/05/2015 12:19:00

13/05/2015 12:18:59

- Tempos de resposta e resolución de incidencias, servizos de valor engadido e outras melloras referentes ás garantías e mantemento
- Formación, no que se poderá avaliar o número de horas dedicadas á mesma, contidos incluídos, “coaching” tecnolóxico, ...
- Posesión de diferentes certificacións referidas ó obxecto do contrato, como poden ser a certificación ISO 9001/2000/2008, a ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información ou a ISO 20000 de Xestión de servizos de TI.

### 13. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios a empregar na valoración das ofertas que se presenten son os que seguen:

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS: 56 Ptos

Criterio	Punt.Máx.
Oferta económica	25
Tempo de instalación, configuración e probas (min. 15 xornadas, máx. 30)	15
Incremento do número de terminais lixeiros (max. 10)	10
Posesión da ISO 9001/2000/2008	2
Posesión da ISO 27001 de seguridade dos sistemas de información	2
Posesión da ISO 20000 de Xestión de servizos de TI	2

A valoración económica do custo total do proxecto farase de xeito proporcional aos prezos indicados nas ofertas, entre o máximo recollido no prego (0 puntos) e a oferta máis barata (número máximo de puntos), sempre que non se poda considerar **desproporcionada ou temeraria**.

Consideraranse **temerarias ou desproporcionadas** as ofertas económicas cunha **porcentaxe de baixa que exceda en cinco unidades ou máis a media aritmética das porcentaxes de baixa** de tódalas proposicións presentadas.

Para o resto dos criterios aplicaranse criterios de proporcionalidade tendo en conta os valores mínimos e máximos que se indican.

#### CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: 44 Ptos

	Punt. Máx.
Melloras en licenzas	12
Calidade técnica da oferta	12
Melloras referentes ás Garantías e Mantemento	6
Formación	4
Plan de proxecto, probas e despregue dos escritorios	2
Melloras relacionadas coa xestión de contornas virtualizadas	2
Mínimo impacto posible no funcionamento normal do Concello	2

**ACTAS E GOBERNO**

MGF/cvr

Refª: 15x210200311

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6-5-2015

Outras melloras do hardware	2
Outras certificacións relacionadas co obxecto do contrato (apart. 4.)	2

**14. IMPORTE DO CONTRATO**

O custo máximo de adjudicación do obxecto deste prego ascende á cantidade de **44.446,93€** IVE incluído.

Con respecto ó numero de equipos e licenzas, o custo especificado incluírá coma mínimo:

Produto / Servizo	Nº
Citrix XenDesktop Enterprise Edition User/Device with subscription advantage	250
(Cal de Terminal Server) WinRmtDsktpSrvcsCAL 2012 OLP NL Gov UsrCAL	50
(Licenza de Server para 2 instancias virtuais) WinSvrStd 2012 OLP NL Gov 2Proc	4
ZeroClient nComputing N400	50
Xornadas para todos os servizos especificados, destacando os de migración e creación da plataforma de Desktops	15

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 44.446,93 euros con cargo á aplicación 49100.6410 do vixente Orzamento xeral (C.P 14RTSP11; R.C. 48272 )

CUARTO.- Aprobar a adjudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.**